



Resolución do Director-Xerente da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), pola que se modifica a composición do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo I, grupo II, grupo III categoría 62 e grupo IV, de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Manifestada causa de abstención por parte de Dona María Dolores Tobío Barreira, vogal suplente do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo I, grupo II, grupo III categoría 62 e grupo IV, de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, e ante a perda, consecuentemente, da súa condición de membro do citado tribunal,

DISPOÑO:

Primeiro.- Nomear, como vogal suplente do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo I, grupo II, grupo III categoría 62 e grupo IV, de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia e en substitución de Dona María Dolores Tobío Barreira, a Dona María Sagrario García Batalla, funcionaria do Corpo Facultativo Superior, Escala de facultativos, Especialidade de Psicoloxía, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.





FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA
PARA A TUTELA
DE PERSOAS ADULTAS

Segundo.- Publicar a presente resolución no Diario Oficial de Galicia e no portal web corporativo <https://www.funga.org>.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director-xerente da FUNGA

Juan José Couce Prego

